

Introdúcese no calendario a

vacina fronte á varicela aos

12

anos

para todos aqueles rapaces

que non pasaron a enfermidade



A partir do **15 de xuño** do ano 2005, ponse en marcha a introdución no calendario da **vacina fronte á varicela** en preadolescentes que non padeceron a enfermidade, SEMPRE QUE TEÑAN ENTRE **10 E 12 ANOS**



Ao mesmo tempo a vacinación estenderase aos adolescentes e adultos que nin tiveron varicela nin mantiveron contacto estreito con persoas con varicela, especialmente se teñen ou van ter contacto con nenos no domicilio (mulleres en idade fértil, pais e nais destes nenos....)

A VARICELA

¿Quen debe vacinarse?

- Como parte do seu calendario vacinal todos os nenos e nenas de entre 10 e 12 anos que non pasaron a enfermidade ou non foron vacinados con anterioridade
- As mulleres en idade fértil que non pasaron a varicela, para evitar o risco dunha varicela conxénita no futuro. ***Neste caso hai que descartar que a muller estea xa embarazada e evitar o embarazo nos 3 meses posteriores á vacinación***
- Os pais e as nais que non padeceron a enfermidade, nin mantiveron contacto estreito con persoas con varicela
- As persoas susceptibles con enfermidades crónicas severas con risco de ter formas máis graves de varicela. Recoméndase tamén a vacinación das persoas que conviven con eles e non padeceron a enfermidade
- Outros colectivos que pola súa profesión están expostos a un maior risco (persoal sanitario, traballadores de garderías....)

¿Que facer para vacinarse?

- Se estás nalgún destes grupos debes acudir ao **teu médico ou pediatra habitual** que procederá a indicar a vacinación no teu centro ou no hospital de referencia.

É moi importante que lle comuniques ao médico:

- > se estás embarazada ou tes sospeita de que podes estarlo
- > se padeces algunha enfermidade
- > se estás tomando algunha medicación
- > se convives con algunha persoa con enfermidade crónica severa

Calquera destas circunstancias debe terse en conta para indicar a vacinación



- A varicela é maioritariamente unha enfermidade infantil de evolución leve e autolimitada en nenos sans

Máis do 90% das persoas aos 12 anos xa pasaron a varicela



Nas persoas que padecen a enfermidade por riba desta idade incrementase o número e a gravidade de complicacións e de ingresos hospitalarios



Con esta actuación preténdese diminuír o risco de complicacións graves derivadas do padecemento da varicela naquelas persoas que chegada esta idade non están protexidas fronte á enfermidade



A VARICELA

XUNTA DE GALICIA

Introdúcese no calendario a
vacina fronte á varicela aos **12**
anos
para todos aqueles rapaces
que non pasaron a enfermidade



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública

